

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 4 DE XULLO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día catro de xullo deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 27 de xuño de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase adiar, para mellor estudo, as licenzas municipais de instalación e de obras para estacións base de telefonía móbil nas seguintes rúas: Pomar, número 3; estrada de Santiago, km 3,2; avda. dos Deportes, s/n; estrada da Coruña, número 134; e avda. da Coruña, números 36-38.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas: para reaxuste de soar e fachada, para adaptala á realidade física, no edificio con licenza número 197/08, sito na praza Maior número 19; para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural de Bocamaos, número 42, parroquia de San Xillao de Bocamaos; e para cambio de uso de planta baixa de garaxe a local comercial, obras de adecuación de local e modificación de escaleiras para comunicación con entresollado e vinculación deste ao uso da planta baixa, no edificio sito na rúa Montirón, número 123, así como desvinculación de tres prazas de garaxe para a súa posterior vinculación, dúas no edificio sito na ronda das Mercedes, números 48-50, e rúa Montirón, número 78, e unha no edificio sito na rúa Montirón, número 127.

3. PLANEAMENTO.- Acórdase a encomenda de xestión a Evislusa das actuacións recollidas no convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Lugo para a tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación-portelos únicos de información e xestión do Plan de vivenda e rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda.

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refª: 12extractoxg27.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-7-2012

4. XESTIÓN.- Acórdase a execución da sentenza 248/2011, do 27 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo no recurso contencioso-administrativo número 589/2008-F, interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo do 14 de maio de 2008, polo que se declara en situación de ruína técnica o inmovible número 16 da rúa Tinería.

Resólvese o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local 7/171, do 21 de marzo do 2012, relativo á imposición da terceira multa coercitiva e reiteración da execución das obras de obrigado cumprimento no inmovible número 168 da avenida da Coruña.

Tamén se resolve o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local 8/251, do 2 de maio do 2012, relativo á imposición da cuarta multa coercitiva e reiteración da execución das obras no inmovible número 42 da rúa Xulia Minguillón.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

5. PERSOAL.- Acórdase a autorización da realización de servizos extraordinarios polos lectores de contadores durante os meses de xullo, agosto e setembro, e apróbase a forma de compensación.

Acórdase aprobar as bases específicas para o acceso en propiedade as seguintes prazas pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre: unha praza de auxiliar administrativo/a, unha praza de celador/a colexio público, unha praza de oficial condutor/a, e unha praza de enxeñeiro/a técnico/a topógrafo/a.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

6. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e a adxudicación por procedemento negociado para a contratación da subministración de mobiliario urbano para a humanización do tramo peonil da ronda da Muralla en Lugo, así como a apertura do procedemento de adxudicación.

Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, o gasto e a adxudicación por procedemento aberto para as subministracións mediante lotes dun camiión con cisterna de emulsión asfáltica e un vehículo radio patrulla para a Policía Local mediante alugamento financeiro (operación de leasing), así como a apertura do procedemento de contratación.

7. FACENDA LOCAL.- Acórdase a resolución do recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de maio de 2012, polo que se aproba a regularización tributaria da entidade mercantil en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 138.947,96 €, ao denegarse a licenza solicitada para a legalización de industria láctea sita na rúa da Agricultura, polígono 63, parcela 321.

Tamén se resolve o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de maio de 2012 polo que se aproba a regularización tributaria da entidade mercantil en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 74.175,81 €, ao denegarse a licenza solicitada para a legalización de industria láctea sita na avda. Benigno Rivera, rúa dos Artesáns e rúa dos Carpinteiros.

Acórdase a rectificación da liquidación aprobada pola Xunta de Goberno Local, con data do 2 de novembro de 2011, en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e do imposto sobre construcións, instalacións e obras, por importe total de 16.273,97 €, pola construción dun edificio na rúa Chantada esquina carril da Estrela.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

8. CULTURA.- Acórdase aprobar o proxecto de Regulamento de réxime interno da Escola Municipal de Música.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, tómase razón do oficio remitido polo Xulgado de Primeira Instancia, número 11 de Madrid, ao Secretario da Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, relativo ao procedemento: execución de títulos xudiciais 1073/2011.

Lugo, 4 de xullo de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García